

Axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2018

Normativa

Orde do 27 de novembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2018, co obxecto de coñecer a lingua dese país. (DOG nº 25 do 5/02/2018) ED416A

Obxecto

Convocar 200 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea durante o verán de 2018, do alumnado universitario matriculado no curso 2017/18 nalgunha das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Período e dotación da axuda

As actividades para as cales se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, exclusivamente, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2018, ambos inclusive.

A dotación económica asignada a cada persoa beneficiaria será dun máximo de 1.000 euros.

Requisitos dos/das solicitantes

- Estar matriculado no curso 2017/18, como mínimo en 50 créditos, en calquera das universidades do SUG en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, e ter superado 60 créditos con anterioridade á data de publicación da orde na titulación que está a realizar. O alumnado que estea matriculado no traballo fin de grao poderá incluír os créditos que lle correspondan dentro do mínimo dos 50 créditos exixidos.
- O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

Queda excluído desta convocatoria:

- O alumnado que xa resultase beneficiario desta axuda en anteriores convocatorias.
- O alumnado que durante o curso 2017/18 sexa adxudicatario dunha bolsa do programa comunitario de mobilidade Erasmus+, sempre e cando a estadia que pretenda realizar sexa para perfeccionar a lingua oficial do país en que se está a desenvolver o devandito programa.

Documentación

Presentación electrónica na sede

- Programa do curso de idiomas para o cal se solicita a axuda, en que deberán figurar o centro e lugar de destino, o período de duración, as datas de realización do curso e o número de horas lectivas semanais.
- Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito no caso de actuar por medio de representante.

Lugar de presentación

A solicitude presentarse obrigatoriamente a través da sede electrónica: <https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación de solicitudes

Até o 14 de marzo de 2018.

[Imprimir](#)

